

ACTA NÚM. 1 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR CUALIFICADOR PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DO PERSOAL ADSCRITO AO SERVIZO DE LIMPEZA DE MONTES E OUTRAS TAREFAS DE VALORIZACIÓN FORESTAL (APROL RURAL 2025)

Proceso selectivo: 3 PEÓNS/PEOAS FORESTAIS

No centro Sociocultural do auditorio do Concello de Rianxo, ás 09:30 h do día 16/06/2025, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a contratación de 3 peóns/peoas forestais, adscritos á subvención APROL RURAL 2025 do Concello de Rianxo, segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm 611/2025 do 27/05/2025 e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm 717/2025 do 13/06/2025 coa seguinte composición:

Presidente: Gabriel Bermúdez Piñeiro, encargado de obras municipal (V)

Vocal: M^a José Fungueiriño Tubío, AEDL municipal (I)

Vocal: Eva María Tubío Ordóñez, técnica administrativa municipal (III)

Vocal: Enrique Manuel López González, coordinador de actividades municipal (II)

Secretaria: Vicenta A. Campaña Martínez, auxiliar administrativa municipal (C2)

O Presidente declara constituído o Tribunal; a vocal M^a José Fungueiriño dá conta dos antecedentes deste proceso:

Primeiro: o día 27 de maio de 2025 o alcalde asinou a oferta de emprego correspondente para a súa presentación na oficina de emprego de Boiro; enviábase ese día á oficina de emprego e, no mesmo día, recibíuse o resultado da dita oferta que incluía unicamente a 9 persoas. O día 29/05/2025 presentouse unha solicitude para que nos enviaran un número maior de aspirantes e a nova relación recibíuse o día 30/05/2025 cun total de 17 persoas aspirantes.

Segundo: entre os días 09 e 13 de xuño realizáronse as chamadas ás persoas aspirantes da listaxe recibida para que recollan no Servizo de Emprego as copias das bases de selección, o cronograma do proceso e o Anexo II (declaración responsable) para que presenten, a través do Rexistro Municipal, a documentación necesaria tanto para a xustificación do cumprimento dos requisitos mínimos como para a valoración dos méritos que desexen alegar para a fase de concurso. Presentan a documentación requirida no Rexistro Xeral 15 das 17 persoas aspirantes enviadas polo Servizo Público de Emprego; quedan eliminadas do proceso as outras 2 persoas.

Logo realízase o control de asistencia á proba escrita e o acceso á sala na que se vai realizar; preséntanse 11 aspirantes dos 15 que presentaron a documentación polo que quedan excluídos do proceso tamén esas 4 persoas.

Unha vez dentro explícaselles ás persoas aspirantes o establecido nas bases ao respecto da fase de oposición e como se vai desenvolver tanto a proba da oposición como a fase de concurso e a proba de galego; tamén se indica que a fase de oposición terá carácter eliminatorio e, para superala, será necesario obter cando menos a metade da puntuación máxima prevista nela.

Iníciase a proba ás 09:38 h, cunha duración máxima de 30 minutos, que remata ás 09:53 h.

Unha vez que rematan, entrégaselles a proba de galego ás 6 persoas que non están exentas da súa realización; teñen 10 minutos para realizala: iníciase ás 09:54 h e remata ás 10:02.

Ao remate da proba o Tribunal corrixe as probas escritas e obtéñense os seguintes resultados:

NÚM.	APELIDOS E NOME	Proba Escrita	Supera	Galego
1	Alcalde Ordóñez, Elisa	3,50	SI	Apta
2	Cespón Muñiz, José Luís	3,00	SI	Apto
3	Gómez Villanustre, Manuel Miguel	4,00	SI	Apto
4	Iglesias Torres, Susana	4,00	SI	Apta
5	Chauvet, Marie Chantal	3,60	SI	Exenta
6	Martínez Miguéns, Francisco	4,00	SI	Apto
7	Martínez Martínez, María Dolores	4,00	SI	Apta
8	Morán Llago, Manuel	4,00	SI	Exento
9	Mosquera Cores, Julián	4,00	SI	Exento
10	Rial Crego, José Antonio	4,00	SI	Exento
11	Rodríguez Docásar, Juan Cruz	4,00	SI	Exento

Superan a proba as 11 persoas aspirantes.

Ao remate da corrección publícase este resultado no mesmo local no que se realizou a proba, no noso sitio web e no taboleiro de anuncios municipal.

Ás 11:20 horas, nas inmediacións do mesmo edificio, iníciase a proba práctica. O tribunal decide establecer un tempo máximo de 5 minutos para a colocación do fío na rozadoira.

Preséntanse 10 das 11 persoas aspirantes que superaron a proba escrita e queda excluída do proceso a outra.

Rematan as probas prácticas ás 14:30 horas co seguinte resultado:

NÚM.	APELIDOS E NOME	Proba practica
1	Alcalde Ordóñez, Elisa	3,35
2	Cespón Muñiz, José Luís	Non presentado
3	Gómez Villanustre, Manuel Miguel	5,50

4	Iglesias Torres, Susana	3,35
5	Chauvet, Marie Chantal	4,40
6	Martínez Miguéns, Francisco	4,45
7	Martínez Martínez, María Dolores	3,10
8	Morán Llago, Manuel	4,00
9	Mosquera Cores, Julián	5,65
10	Rial Crego, José Antonio	3,75
11	Rodríguez Docázar, Juan Cruz	4,30

O tribunal decide rematar a sesión e reunirse novamente o día 27/06/2025, ás 08:30 horas, para facer as valoracións do concurso, en función da documentación presentada polas persoas aspirantes, así como a valoración global do proceso.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 14:35 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada polos membros do tribunal.